

A obra de Carlos Casares centrará o XIV Curso ‘A literatura infantil e xuvenil. Relacións texto-imaxe’

- O Ramón Piñeiro, o ICE e a AELGA convocan para os días 10 e 11 de novembro esta acción formativa baixo o título ‘Literatura e memoria: Carlos Casares no ensino’
- O prazo de inscrición está aberto ata o 9 de novembro

A obra do autor homenaxeado polas Letras Galegas 2017, Carlos Casares, centrará o XIV Curso de Formación *A Literatura Infantil e Xuvenil. Relacións texto-imaxe*, que se celebrará o próximo novembro baixo o título *Literatura e memoria: Carlos Casares no ensino*. As entidades convocantes desta acción formativa son o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Consellería de Cultura e Educación, o Grupo de Investigación LITER21 pertencente ao Instituto de Cinecias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

O curso celebrarase na capital de Galicia: o día 10 de novembro na sede Ramón Piñeiro e o 11 de novembro na Biblioteca Afundación. O prazo de matrícula está aberto xa ata o 9 de novembro e toda a información dispoñible no [Portal da Lingua Galega](#).

Formación para a comprensión lectora

Baixo a dirección das profesoras Blanca-Ana Roig Rechou (directora do proxecto de Literatura Infantil e Xuvenil do Ramón Piñeiro) e Ana María Porto Castro, o curso abordará a faceta de Carlos Casares como educador e escritor de literatura infantil e xuvenil, co obxectivo de salientar a importancia deste autor na formación lectora no ensino infantil, primario e secundario e demostrar que a súa obra é imprescindible na planificación lectora.

A organización do curso *A Literatura Infantil e Xuvenil. Relacións texto-imaxe* chama a atención sobre o feito de que a formación ofertada nel está xeralmente excluída, ou pouco ofertada, nos planos de estudo dos graos, malia a súa transcendencia en ámbitos básicos como a formación e comprensión lectora e escrita.